



REDONDO


17 de febreiro || 12h || 8€ (7€ anticipada)

“Redondo” é un espectáculo para a primeira infancia que xoga coas formas.

A Mr. Round fascínanlle todos aqueles obxectos redondos, os máis curiosos obxectos con forma de circunferencia. Un día, na súa incesante procura atopará unha asombrosa esfera que agocha historias sorprendentes.

Unha proposta visual para gozar en familia.

“Espectáculo infantil mellor valorado polo público de vigoescena 2017”



NUBE DE SOL

24 de febreiro || 12h || 8€ (7€ anticipada)

As nubes chegan. Chove. Sae o sol. A natureza esperta para encherse de cores. Ao amparo dos paraugas atoparemos agocho, bailaremos, cantaremos e, acompañados de pintorescos animais, seremos parte da mesma paisaxe.

Nube de sol nos mete de cheo na diversión e na aprendizaxe de todo o que a chuvia e o sol provocan na nosa contorna. A través do corpo, a xestualidade, o canto e a música, Teatro ó Cubo achega á primeira infancia a maxia dos ciclos da natureza e a importancia da choiva para que todo medre

CICLO INFANTIL DE FEBREIRO

O mes máis cativo na

ingrãvida

Catro obras de teatro infantís, unha cada domingo de febreiro ás 12h.

Un bono 5 e toda a familia asiste a unha función!

Ou colle un bono para todo o infantil para unha persoa por 24€!

Unha actividade alternativa de lecer infantil para os domingos.



POLO MEU ANIVERSARIO: SUPERPODERES.

3 de febreiro || 12h || 8€ (7€ anticipada)

Avento vén por fin á Sala Ingrávida!
E faino abrindo este súper ciclo para toda a familia, e cunha obra súper, pero súper, súper!
Avento é moi coñecida polos seus espectáculos familiares e polos seus abraiantes musicais que representa na Sala Artika, pero desta vez veñen presentarnos unha obra onde cumpren os desexos de moitos e moitas... adultos! E se, polo teu aniversario, pediras que che regalaran superpoderes? E se, despois CHOS REGÁLAN??



A VERDADEIRA HISTORIA DOS TRES PORQUIÑOS E O LOBO FEROS

10 de febreiro || 12h || 8€ (7€ anticipada)

Espectáculo de actores e obxectos que narra a verdadeira historia dos tres porquiños...mellor dito, dos dous porquiños e a súa irmá, una porquiña moderna, intelixente e loitadora. Unha visión actual que defende dous principios fundamentais: a igualdade e a solidaridade.